



MULLERES EN ACCIÓN

# XX XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN



NA XXXVII MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS  
xullo 2020



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA



**Difícil celebrar estes 20 anos nun contexto de pandemia que, sabemos, vai deixar atrás a moita xente, moi especialmente ás mulleres.**

20 anos, en medio dunha pandemia brutal que xa afecta negativamente ao conxunto das mulleres, ás traballadoras da cultura, tamén. Porque todas, escritoras, labregas, actrices, kellys, mestras, caixeiras, cineastas, mariscadoras, xornalistas, sanitarias ou cociñeiras, **SOMOS COIDADORAS**. Coidadoras a perpetuidade, cargamos ás nosas costas coa pesada mochila das tarefas domésticas. A conciliación non chegou ás nosas vidas e temos moitas papeletas para quedar relegadas de volta na “nova normalidade” . No confinamento e co teletraballo, as mulleres viron interrompidas as súas xornadas laborais con moita máis frecuencia que os homes. A razón sabémola todas.

A pesar de que as mulleres facemos os traballos máis precarios, de baixa remuneración e a tempo parcial, a destrución de emprego vains afectar nunha porcentaxe moito máis alta que aos homes. A fenda laboral aberta contra nós vai crecer e pode sacarnos do mercado laboral. Pola experiencia das anteriores crises sabemos que as mulleres tardaremos máis en volver incorporarnos ao mercado laboral.

Ese dito de que “Elas traballan, Eles lideran” podémolo aplicar a moitos sectores pero moi especialmente ao sanitario que aínda contando cunha porcentaxe de mulleres do 70%, a fenda salarial é unha realidade incontestable e a toma de decisións segue nas mans dos homes. Logo si: **ELAS TRABALLAN, ELES LIDERAN**.

20 anos despois, estamos onde estamos, vendo como os nosos dereitos poden retroceder, mesmo chegan a acusar ás movilizacións de mulleres de expandir males. En fin...

A axenda de xénero prevista para os próximos anos vaise debilitar e en Mulleres en Acción apostamos por esixir, como mínimo, que se aplique a perspectiva de xénero ás medidas sociais e económicas que os nosos gobernos tomen para paliar esta crise, porque as que xa se tomaron, lamentablemente, carecen do imprescindible enfoque de xénero.

Celebraremos 20 anos de sororidade, de traballo constante e feliz a prol das mulleres, da igualdade, da paridade, da xustiza social a través da ideoloxía feminista, cunha equipaxe composta por todas as mulleres extraordinarias que nos acompañaron.

**Non nos deixemos arrebatat o que tanto nos levou ACADAR. BENVIDAS a esta XX/20 edición.**

## LUZ BELOSO

LUZ BELOSO, GALICIA. EXPOSICIÓN  
DO 03 AO 18 DE XULLO · VESTÍBULO AUDITORIO MUNICIPAL

## TEMPO AO TEMPO

MÓNICA CAMAÑO, GALICIA. OBRADOIRO DESTINADO A ASOCIADAS DE ADICAM  
MÉRCORES, 08 XULLO 17:00 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## FENDA LABORAL DAS PROFESIONAIS DAS ARTES ESCÉNICAS E AUDIOVISUAIS: ANTES E DESPOIS DA PANDEMIA

MULLERES EN ACCIÓN. MESA DE TRABALLO  
SÁBADO, 11 XULLO 11:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

## IRMANDIÑAS

AURORA MARCO. PRESENTACIÓN LIBRO  
SÁBADO, 11 XULLO 18:30 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

## CÓMPLICES. A VIOLENCIA MACHISTA INSTITUCIONAL

IRIA VÁZQUEZ SILVA E LOLA FERREIRO DÍAZ, PRESENTACIÓN LIBRO  
SÁBADO, 11 XULLO 19:15 · SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CANGAS

## AS BOAS ACTRICES

COMPAÑÍA 3. COPRODUCE MITCFC, REPRESENTACIÓN  
VENRES 17 E SÁBADO 18 XULLO 20:30 · SALA DE EXPOSICIÓNS AUDITORIO MUNICIPAL

## PREMIO MULLERES EN ACCIÓN 2020

A MERCEDES OLIVEIRA MALVAR (CHIS), GALICIA  
SÁBADO, 18 XULLO 22:30 · AUDITORIO MUNICIPAL

